



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Mitoloxía Clásica		Código	710G01079
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Profesorado	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Web	<a href="https://coruna.academia.edu/Jos%C3%A9SantosPaz">https://coruna.academia.edu/Jos%C3%A9SantosPaz</a>			
Descripción xeral	Os obxectivos docentes da materia Mitoloxía Clásica son dar a coñecer os principais mitos gregos e latinos e as distintas correntes teóricas que trataron de comprendelos e estudalos. Entendida como repertorio e estudio sistemático dos mitos antigos, a mitoloxía representa un aspecto fundamental nos estudos da cultura clásica desde diversos puntos de vista (histórico, antropológico, literario, etc.). A súa pervivencia e continua reinterpretación dos mitos ao longo do tempo, ata os nosos días, fan da mitoloxía clásica un referente fundamental da cultura occidental, que se manifiesta en eidos tan diversos como a arte, a literatura, o cinema ou a música, entre outros. A todos estes aspectos presta atención a materia Mitoloxía Clásica, cuxo programa se estrutura en dúas partes: unha, máis teórica, que pretende comprender qué é o mito e como foi interpretado e outra centrada na análise dalgúns mitos gregos.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Lecturas</p> <p>Traballos tutelados (conta na avaliación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Sesión maxistral: substituída polo uso da plataforma de teleformación (moodle) e sesións virtuais síncronas a través de Teams para a resolución de dúbihdas e cuestiós.</p> <p>Aprendizaxe colaborativa: substituída pola realización de tarefas dirixidas.</p> <p>Proba mixta: substituída polos traballos de avaliación continua que se especifican abaixo.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Moddle: Cada semana porase a disposición do alumnado un tema cos materiais correspondentes (contidos, presentacións, bibliografía, materiais complementarios). Así mesmo, cada semana o alumnado deberá realizar unha actividade dirixida que se detallará a través da ferramenta "Tarefa" e que se entregará por esa misma aplicación. Tamén se empregará o foro de novas para comunicacións varias.</p> <p>Teams: Están previstas sesións síncronas semanais para resolver dúbihdas en relación coas tarefas encargadas.</p> <p>Tutoría virtual: Atención permanente por correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Realización das tarefas (50%): Entrega das tarefas dirixidas (unha por tema, frecuencia semanal).</p> <p>Traballos tutelados (50%): Traballo individual tutelado.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as que figuran na guía docente (pero, de ser o caso, so se computará a asistencia ás sesións maxistrais presenciais ata o momento no que se suspendeu a actividade presencial).</p> <p>A modificación das metodoloxías de avaliación aplicarase a todo o alumnado.</p> <p>Son condicións para superar a materia: asistir e participar nas actividades programadas; entregar os traballos nas datas que se indiquen; obter un 50% na suma da calificación das actividades availables.</p> <p>A oportunidade de xullo estará sometida ás mesmas condicións que a de xuño.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios. O alumnado terá á súa disposición os materiais dixitalizados en moodle.</p>
----------------------	--

Código	Competencias / Resultados do título	Competencias / Resultados do título
	Competencias / Resultados do título	Competencias / Resultados do título
Resultados da aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título



Coñecemento das producións culturais da Humanidade (Arte, Pensamento, Literatura e Institucións).	A1		
Coñecemento do pasado desde un punto de vista diacrónico	A2		
Coñecemento sincrónico e diacrónico de diversas realidades culturais actuais	A7		
Coñecemento de linguas e culturas clásicas	A9		
Coñecemento de técnicas e métodos de traballo e análise das ciencias humanas e sociais	A11		
Uso correcto, oral e escrito, das linguas propias	A12		
Aprender a aprender		B1	
Aplicar un pensamento lóxico, crítico e creativo		B3	
Traballar de forma autónoma con iniciativa		B4	
Comunicación oral e escrita nas linguas propias		B8	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma			C1

## Contidos

Temas	Subtemas
1. Definición de mito e mitoloxía.	1. O termo mýthos 2. Definición de mito. 3. Concepto de mitoloxía.
2. Características xerais dos mitos gregos.	1. Preminencia dos mitos heroicos. 2. Escaseza de elementos fantásticos e simplicidade temática: o mito de Heracles.
3. Mito e relixión na Grecia antiga.	1. Orixe, desenvolvemento e características da relixión grega. 2. Os deuses. 3. Relación entre mito e ritual: o caso de Krónos.
4. Tradición e fontes dos mitos gregos.	1. Fontes literarias e non literarias. As tragedias de Eurípides do ano 415 a. C. 2. Diferentes versións dos mitos: Meleagro en Homero e Pélope en Píndaro.
5. Historia da interpretación dos mitos	1. A Antigüidade: interpretacións alegóricas. 2. A Idade Media e o Renacemento: a Ecloga Teoduli. 3. A Ilustración. 4. O século XIX. 5. O século XX. 6. Metodoloxías actuais.
6. A Teogonía de Hesíodo.	1. A Teogonía: introducción xeral. 2. O mito hesiódico da creación. 3. Os protagonistas da cosmoloxía hesiódica e as fontes da Teogonía. 4. Interpretación da cosmogonía hesiódica. 5. O mito da sucesión divina. 6. Paralelos orientais do mito da sucesión. 7. Interpretacións do mito da sucesión. 8. Xigantomaquia e Tifonomaquia. 9. Os matrimonios de Zeus.
7. O mito hesiódico das idades e das razas e a interpretación estruturalista.	1. Versión hesiódica do mito. 2. Análise estruturalista de J.-P. Vernant. 3. Outras versións do mito.
8. Versións e interpretacións do mito de Prometeo e Pandora.	1. Fontes e versións do mito de Prometeo. 2. Pandora. 3. Interpretacións.



9. Versións e interpretacións do mito de Edipo	1. Fontes. 2. Os personaxes e os seus nomes. 3. Análise dos motivos e das versións. 4. Cronoloxía. 5. Interpretacións. 6. Tradición do mito de Edipo (arte, literatura, cinema).
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	B4 B8	18	31.5	49.5
Lecturas	B1	0	15	15
Proba mixta	A12	2	15	17
Traballos tutelados	B3 C1	0	12	12
Sesión maxistral	A1 A2 A7 A9 A11	18	0	18
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conjuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Lecturas	Textos que se comentarán nas sesións maxistrais e de aprendizaxe colaborativa e que inclúen tanto fontes antigas como estudos modernos. A respecto das primeiras, dúas obras fundamentais para este curso son a Teogonía de Hesíodo e Edipo rei de Sófocles. Nas aulas indicaranse outros textos recomendados, así como as traducións dos mesmos (no caso de obras grecolatinas).
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas sobre contidos do programa.
Traballos tutelados	Traballo individual sobre algún mito clásico.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Os traballos tratarán sobre algún mito clásico ou sobre calquera outro aspecto relacionado co programa. Nel os alumnos deberán tratar os aspectos más relevantes (fontes, interpretación, tradición, etc.) e terán que demostrar a asimilación de conceptos, manexo da bibliografía e unha correcta exposición e presentación. O profesor fará un seguimento destes traballos e atenderá dúbidas sobre os mesmos no horario de titorías ou a través do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A2 A7 A9 A11	Asistencias ás aulas.	5
Aprendizaxe colaborativa	B4 B8	Asistencia ás aulas, participación nas mesmas e realización das tarefas que se encomenden.	15



Proba mixta	A12	Responder correctamente a cuestiós sobre o programa da materia nun exame escrito que se realizará na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.	50
Traballos tutelados	B3 C1	Entrega dos traballos individuais e boa calidade dos mesmos.	30

Observaciós avaliación
------------------------

Establécense dúas modalidades de avaliación: 1) avaliación continua (50%) + avaliación final (50%), 2) avaliación final (100%).

A

avaliación final consistirá nun exame escrito que se realizará nas datas das convocatorias oficiais aprobadas na Xunta de Facultade. Na modalidade 1) quedarán excluídos do exame final os temas sobre os cales se realizasen actividades de avaliación continua. Na modalidade 2) os alumnos e alumnas examinaranse da totalidade do programa.

As

actividades de avaliación continua desenvolveranse nas clases interactivas e consistirán en pequenos traballos sobre cuestiós puntuais do programa. O profesor indicará a bibliografía necesaria para os alumnos desenvolveren a actividade. As actividades serán individuais ou en grupo (segundo se indique) pero, en calquera caso, darán lugar a un debate nas aulas. Xa que logo, non so se valorará a elaboración dos traballos, senón a asistencia e a participación nas aulas. Ademais, cada alumno/a deberá entregar un resumo do trabalho que fixo en cada actividade.

Outra actividade de avaliación continua

será un trabalho tutelado sobre unha cuestión monográfica relacionada cos mitos clásicos e coa súa recepción. Quedan excluídos como temas dos traballos aqueles que se estuden nas aulas.

Tamén se terá en conta na avaliación continua a asistencia ás aulas (tanto interactivas como expositivas).

Os aspectos formais (corrección lingüística, claridade na exposición, bibliografía correctamente citada, etc.) teranse en conta na avaliación dos traballos.

En

caso de non superarse a materia en xaneiro, as cualificacións das actividades de avaliación continua manteranse na convocatoria de xullo.

A

data de entrega dos traballos indicarase nas aulas. En calquera caso, deberá ser unha data que permita cumplir os prazos de avaliación previstos na normativa de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.

"Aqueles/as alumnos /as que teñan algún tipo de excepcionalidade para vir a clase legalmente concedida, que falen co/a profesor/ a á comezos de curso para establecer as tutorías e os sistemas de avaliación correspondentes."



## Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Hawes, G. (2014). Rationalizing Myth in Antiquity. Oxford</li><li>- Bowlby, R. (2007). Freudian Mythologies. Greek Tragedy and Modern Identities. Oxford U. P.</li><li>- Bremmer, J. (1990). Interpretations of Greek Mythology. London:Routledge</li><li>- Brisson, L. (2004). How Philosophers Saved Myths. Allegorical Interpretation and Classical Mythology. Chicago U. P.</li><li>- Caldwell, R. S. (1993). The Origin of the Gods A Psychoanalytic Study of Greek Theogonic Myth. Oxford</li><li>- Cooke, J. (2003). "Oedipus the Pharmakos and the psychoanalitics plague"; Legacies of Plague in Literature, Theory and Film. Londres:Palgrave Macmillan</li><li>- Strauss Clay, J. (2003). Hesiod's Cosmos. Cambridge</li><li>- Edmunds, L. (2006). Oedipus (Gods and Heroes of the Ancient World). London:Routledge</li><li>- Kirk, G. S. (1974). La naturaleza de los mitos griegos. Barcelona</li><li>- García Gual, C. (1992). Introducción a la mitología griega. Madrid</li><li>- Panofsky, D.-Panofsky, E. (1975). La caja de Pandora: aspectos cambiantes de un símbolo mítico. Barcelona</li><li>- Panofsky, E.-Saxl, F. (1990). La Mythologie classique dans l'art médiéval. Brionne</li><li>- Luri Medrano, G. (2001). Prometeos: biografías de un mito. Madrid</li><li>- Seznec, J. (1983). Los dioses de la Antigüedad en la Edad Media y el Renacimiento. Madrid</li><li>- Vernant, J.-P. (1982). Mito y sociedad en la Grecia antigua. Madrid</li><li>- Vernant, J.-P. (1985 (2ª ed.)). Mito y pensamiento en la Grecia antigua. Madrid</li><li>- Ruipérez, M. S. (2006). El mito de Edipo. Lingüística, psicoanálisis y folclore. Madrid</li><li>- Rose, H. J. (1973 (2ª ed.)). Mitología griega. Barcelona</li><li>- Purificación Nieto, J. (1998). La mitología griega: introducción, Estudios Clásicos 114, 7-39.</li><li>- Kirk, G. S. (1990). El mito: su significado y función en las culturas antiguas. Barcelona</li><li>- Eliade, M. (1968). Mito y realidad. Madrid</li><li>- Eliade, M. (1974). Tratado de historia de las religiones. Madrid</li><li>- Dumèzil, G. (1970). Los dioses de los indoeuropeos. Barcelona</li><li>- Ruiz de Elvira, A. (1982). Mitología clásica. Madrid</li><li>- Grimal, P. (2008 (reimp.)). Diccionario de mitología griega y romana. Barcelona</li><li>- Norford, M. P. O.-Lenardon, R. J. (2003 (7ª ed.)). Classical Mythology. Oxford</li><li>- Kenaan, V. L. (2008). Pandora's Senses. The Feminine Character of the Ancient Text. Wisconsin</li></ul> <p>Outras referencias bibliográficas e recursos útiles para o desenvolvimento da asignatura serán indicados ao longo do curso.</p>
Bibliografía complementaria	

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías